


INFORME SOBRE A VALIDEZ DO NOME “VÍTOR” COMO ANTROPÓNIMO GALEGO

 SOLICITANTE: Vítor Sobrado Farré

 FEITOS

1 O día 6 de outubro de 1994 don Vítor Sobrado Farré presentouse no Rexistro Civil do Carballiño para solicitar a substitución do seu nome pola forma Vítor.

2 Esta modificación foi denegada tendo en conta que no Dicionario dos nomes galegos o antropónimo Vítor figura como forma válida, e que a variante pola que se quería substituír non aparece recollida.

3 O día 12 de novembro de 2005 don Vítor Sobrado Farré recorreu esta decisión alegando que Vítor é a forma correcta a partir da publicación das Normas Ortográficas do Idioma Galego (2003).

4 Para aceptar ese recurso, o xuíz do Carballiño solicitoulle un ditame elaborado por algunha institución con autoridade lingüística no que se confirmaran as súas alegacións.

 CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A Lei 17/1977 permite inscribir nos rexistros civís os nomes das e dos nados en calquera das linguas españolas, así como a modificación dos que foron impostos antes de que esta Lei entrara en vigor.

2 Nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* elaboradas pola Real Academia Galega (RAG) e o Instituto da Lingua Galega (ILG), e oficializadas mediante a disposición adicional da Lei 3/1983 do 15 de xuño de normalización lingüística, dispónse literalmente

8.4. Grupos -ct- e -cc-.

Suprímese a primeira consoante nos dous grupos cando preceden as vogais *i* e *u*: *abdución* (...) *Vítor*, etc.

3 Por outra banda, é común en varias linguas románicas a supresión do -c- neste nome: así Vítor en portugués ou Vittore en italiano.

De acordo con todo o indicado, emito o seguinte

 INFORME:

Aínda que non apareza recollida no *Diccionario dos nomes galegos*, a forma Vítor debe considerarse normativamente válida e ortograficamente correcta para ser imposta como nome de persoa.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2024

 O director do Servizo de Normalización Lingüística da USC



Fernando López Viqueira